



C O N C E L L O
DE
M O E C H E
(A CORUÑA)

Núm.

ACTA DE CONSTITUCIÓN DA NOVA CORPORACIÓN E DE ELECCIÓN DE ALCALDE, COMO CONSECUENCIA DAS ELECCIÓNS LOCAIS DE DATA 24 DE MAIO DE 2015.

No salón de actos da Casa do Concello de Moeche, sendo as dez horas do día trece de xuño de dous mil quince, é, para dar cumprimento ó que se dispón nos artigos cento noventa e cinco e cento noventa e seis da Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral, modificadas polas Leis Orgánicas 1/1987 do 2 de abril; 8/1991 de 13 de marzo; 6/1992 de 2 de novembro; 13/1994 de 30 de marzo; 1/1997 de 30 de maio e 3/1998 de 15 de xuño e arts. 36 e 37 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2.568/1986, de 28 de novembro, referentes á constitución das Corporacións Locais e a elección de Alcalde, reuníronse en sesión pública, os Sres. concelleiros electos nas Eleccións Locais de data vinte e catro de maio de dous mil quince, que son os que seguen:

- **PARTIDO POPULAR:** D. XULIO CRIBEIRO GARCIA, D. JORGE GONZALEZ ANEIROS, D. AQUILINO SUEIRAS DOPICO E D^a ROCIO LUACES ANTON
- **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO:** D^a. BEATRIZ BASCOY MACEIRAS, D. MAGIN FERNANDO LAGO TUIMIL, D^a IRIA COUCE REGO, D. JOSE MANUEL SOTO SANCHEZ, D. JUAN CARLOS RODRIGUEZ LAGO

Asistidos pola Secretaria da Corporación D. Consolación Couce Calvo.

Pola Secretaria manifestase que a Xunta Electoral de Zona en cumprimento do que dispón o art. 108.5 da Lei Orgánica de Réxime Electoral Xeral o día 1 de xuño de 2015 estendeu a acta de proclamación do resultado das eleccións municipais celebradas o 24 de maio de 2015 para o municipio de Moeche segundo o resumo seguinte .- O total de electores é de 1.115 dos que



votaron 888, dos que 885 foron votos válidos e 3 nulos, 874 foron votos a candidaturas e 13 votos en branco

Os votos obtidos por cada candidatura foron os seguintes:

- Partido Popular.- 391 votos .- 4 concelleiros electos
- Bloque nacionalista galego.- 483 votos.- 5 concelleiros electos

De acordo con este resultado do a Xunta Electoral proclamou Concelleiros electos aos seguintes candidatos:

Partido Popular

- D. XULIO CRIBEIRO GARCIA
- D. JORGE GONZALEZ ANEIROS
- D. AQUILINO SUEIRAS DOPICO
- D^a ROCIO LUACES ANTON

Bloque Nacionalista galego

- D^a. BEATRIZ BASCOY MACEIRAS
- D. MAGIN FERNANDO LAGO TUIMIL
- D^o IRIA COUCE REGO
- D. JOSE MANUEL SOTO SANCHEZ
- D. JUAN CARLOS RODRIGUEZ LAGO

Todos os concelleiros electos presentaron na Secretaria Xeral a credencial expedida pola Xunta Electoral de Zona, de acordo co establecido no artigo 7 do Regulamento de organización funcionamento e réxime xurídico das entidades Locais, e a preceptiva declaración para a inscrición nos Rexistros de Bens Patrimoniais e no Rexistro de Actividades de conformidade co art. 75 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, como trámite previo legal para este acto





C O N C E L L O
DE
M O E C H E
(A CORUÑA)

Núm.

**FORMACIÓN DE MESA DE IDADE, XURAMENTO OU PROMESA,
CONSTITUCIÓN DA CORPORACIÓN E PROCLAMACIÓN DE CANDIDATOS
PARA Á ELECCIÓN DE ALCALDE.-**

Seguidamente procedeuse a formar a Mesa de Idade, integrada polo Concelleiro electo maior de idade, de entre os asistentes, D. JORGE GONZALEZ ANEIROS, que pasa a presidila, e pola de menor idade, tamén de entre os asistentes D.IRIA COUCE REGO, e actuando como Secretaria da mesma a que o é da propia Corporación.

Unha vez constituída a Mesa de Idade, e comprobadas as credenciais presentadas ou acreditacións da personalidade dos electos, baseándose na certificación recibida da Xunta Electoral de Zona e, comprobando que se cumpre a esixencia determinada nos arts. 195.4 da mencionada Lei orgánica e 37.4 do referido Regulamento, polo Presidente declarase constituída a Corporación.

A continuación, ee conformidade co art. 108 da Lei Orgánica de Réxime electoral en relación co Real Decreto 707/1979, de 5 de abril procedese a tomar xuramento ou promesa os Concelleiros electos.

En consecuencia, se formula a seguinte pregunta :

«Xurades ou Prometedes pola vosa conciencia e honor cumprir fielmente as obrigacións do cargo de concelleiro do Concello de Moeche con lealdade o Rei, e gardar e facer gardar a Constitución, como norma fundamental do Estado?».

Citándose en primeiro lugar os membros da mesa de idade e a continuación os restantes concelleiros electos por orde alfabético, contestando

- D. Jorge Gonzalez Aneiros.- Si prometo
- D. Iria Couce Rego.- Si prometo



- D^a. Maria Beatriz Bascoy maceiras.- Si prometo
- D. Xulio Cribeiro Garcia.- Si xuro.
- D. Magín Fernando Lago Tuimil.-, Si prometo
- D^a. Rocio Luaces Anton.- Si, prometo
- D. Juan Carlos Rodriguez lago.- Si prometo
- D. Jopse Manuel Soto Sanchez.- Si, prometo
- D. Aquilino Sueiras Dopico.- Si prometo

Unha vez cumpridos os trámites perceptivos o presidente da Mesa de Idade, en exercicio das facultades que outorga a lexislación vixente PROCLAMA FORMALMENTE CONSTITUÍDA A CORPORACIÓN MUNICIPAL DE MOECHE

De conformidade co preceptuado no art. 56.2 do R.D. 2568/86 de 28 de novembro, ponse en coñecemento da Corporación que, por parte da secretaria-intervención e da tesoureria preparáronse os documentos pertinentes para efectuar o arqueo de fondos estando actualizados os xustificantes das existencias en metálico ou valores propios da Corporación depositados na Caixa ou Entidades Bancarias.

Así mesmo, pola Secretaria, faise constar que non foi posible efectuar a comprobación do inventario de bens deste Concello de Moeche por canto o mesmo non foi actualizado dende a data da súa aprobación polo Pleno da Corporación o día 20 de decembro de 1.991, en consecuencia non responde a realidade patrimonial do Concello.

A Sra. Secretaria Xeral da lectura O artigo 196 da Lei Orgánica número 5/1.985, de 19 de Xuño, do Réxime Electoral Xeneral, establece o seguinte:





C O N C E L L O
DE
M O E C H E
(A CORUÑA)

Núm.

"Na mesma sesión de constitución da Corporación procédese á elección de Alcalde, de acordo co seguinte procedemento:

- a).- Poden ser candidatos todos os Concelleiros que encabecen os seus correspondentes listas.
- b).- Se algún deles obtén a maioría absoluta dos votos dos Concelleiros é proclamado electo.
- c).- Se ningún deles obtén dita maioría é proclamado Alcalde o Concelleiro que encabece a lista que obtivese maior número de votos populares no correspondente Municipio. En caso de empate resolverase por sorteo.

Pola secretaria manifestase, así mesmo, que o sistema para adoptar acordos na corporación é o ordinario segundo o art. 46,2 da lei de réxime local e art. 102,1 do Regulamento de organización. con todo, se se quere elixir o alcalde/sa mediante votación nominal ou secreta, requirirá a solicitude dalgún dos presentes neste sentido e a súa proposta ser aprobada por este pleno por maioría simple en votación ordinaria, no caso de votación nominal e por maioría absoluta, no segundo.

O non efectuarse proposta algunha procedese a elección de alcalde mediante votación ordinaria

Determinado o sistema de votación, procede abrir un prazo para a presentación de candidaturas á elección de alcalde/sa presidente/a, de acordo co art. 196, a)1 da lei electoral, podendo ser candidato/a todos/as os/as concelleiros/as que encabecen as súas correspondentes listas, é dicir,

NOME E APELIDOS DOS CANDIDATOS LISTA OU CANDIDATURA NA QUE ESTAN INTEGRADOS

D. XULIO CRIBEIRO GARCÍA

PARTIDO POPULAR

D. BEATRIZ BASCOY MACEIRAS

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO



Preguntase se algún dos cabezas de lista quere renunciar a candidatura a alcaldía , manifestando ambos a súa vontade de presentar a usa candidatura

Procedéndose a continuación a votación segun o procedemento elixido, aplicándose a orde de proclamación de candidatos efectuada pola xunta electoral de zona, producíndose o seguinte resultado

NOME E APELIDOS DOS CANDIDATOS	LISTA OU CANDIDATURA NA QUE ESTAN INTEGRADOS	VOTOS
D. XULIO CRIBEIRO GARCÍA	PARTIDO POPULAR	4
D. BEATRIZ BASCOY MACEIRAS	BLOQUE NACIONALISTA GALEGO	5

En consecuencia, resulta proclamada alcaldesa **D^a BEATRIZ BASCOY MACEIRAS** por obter a maioría absoluta dos votos dos membros da Corporación

A Sra. Concelleira que resultou elixida como Alcaldesa presta novamente xuramento ou promesa: ***“D Beatriz Bascoy Maceiras prometo pola miña conciencia e honor cumprir fielmente as obrigas do meu cargo de Alcaldesa con lealdade o Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado comprometéndome a defender o interese xeral do Concello de Moeche e do pobo galego”***. Pasando a ocupar la Presidencia

A Sra Alcaldesa pronuncia as seguintes palabras:

Veciñas e veciños, amigos e amigas, concelleiros e concelleiras, secretaria xeral,

Grazas

En representación propia e dos meus compañeiros grazas por estardes hoxe aquí, neste acto institucional, arroupándonos no inicio dun novo camiño que todos e todas temos por diante.





C O N C E L L O
DE
M O E C H E
(A CORUÑA)

Núm.

Desexamos felicitar ao pobo de Moeche pola súa participación, elevadísima, case o 80%, nas eleccións municipais do pasado día 24 de maio, demostrando dese xeito o seu compromiso co seu concello e coas súas obrigas e dereitos como cidadáns e cidadás.

O pobo falou, con forza e claridade, e decidiu darlle o apoio á candidatura que teño o pracer de encabezar. E co responsabilidade, humildade e honestidade asumimos ese mandato do pobo de Moeche.

Iniciamos unha nova etapa en que defenderemos o interese xeral do Concello de Moeche e do pobo galego.

A Moeche chegaron novos tempos, como antes chegaron a outros concellos veciños, os tempos da iusión, de renovar as formas de facer política, os tempos dunha nova relación do Concello cos seus veciños e veciñas e cos outros concellos.


Entendemos que a xestión dos recursos públicos, que ao cabo iso é a política, ten que ser participativa e así Moeche será froito do esforzo colectivo do pobo, como xa aconteceu noutras ocasións.

Foi un exemplo dese esforzo colectivo a consecución da restauración do Castelo a partir da recollida de centos de sinaturas por parte dos veciños e veciñas, un traballo veciñal que logo presentou e defendeu no Parlamento español o deputado do BNG, o ferrolán Francisco Rodríguez. Así conseguiu Moeche recuperar o castelo, con traballo colectivo.

Como acontecera case cen anos antes, en 1890, tamén foron as demandas e presións veciñais, encabezadas por Federico Maciñeira, as que evitaron que se demolese o castelo cando a Casa de Alba pretendeu poñelo á venda como "piedra del montón por unos miles de reales"

Participación, pois, e transparencia deberán ser os eixos básicos do noso traballo, e desde esa base dinamizaremos o concello, con compromiso coa cultura e coa lingua do país, apostando polos servizos sociais, potenciando os seus recursos materiais e inmateriais.

Neste día en que queda constituída a nova Corporación, formada por nove concelleiros e concelleiras debemos ter moi presente que, desde hoxe, representamos a todos os veciños e veciñas e o noso labor, o dos nove, no goberno ou na oposición debería estar ao servizo do futuro do Concello. Estou segura que así ha ser. Para iso, nós estaremos abertos ás propostas e ao labor construtivo de todos os membros da Corporación



Iria Couce, Magin Lago, Jose Manuel Soto, Juan Carlos Rodríguez e eu xestionaremos a confianza que nos outorgastes, deixaremos o mellor de nós mesmos para non defraudaros, pero detrás nosa houbo e hai un amplo grupo de persoas que nos acompañaron ata aquí e que seguirán facéndoos.

Permitidime que, a risco de estenderme, exprese o meu agradecemento e o dos meus, a todas e cada unha das persoas que nos apoiastes, son consciente da xenerosidade e esforzo de moitas delas que sumaron no canto de restar.

Pero ben sabedes que en política non hai milagres, hai cousas raras, ás veces demasiadas, pero milagres non, hai traballo, e chegar ao día de hoxe supuxo un longo percorrido de moitos compañeiros a compañeiras que desde o ano 1996, cando de constituíu a Asemblea Local do BNG de Moeche, se foron sumando a este proxecto ata chegarmos á candidatura do BNG –A.A. Son moitísimas as persoas xenerosas e alegres que mantiveron viva a ilusión ao longo de todos estes anos. Sabedes ben quen sodes, non podo citarvos a todos e creo que vos sentiredes representados se expreso o agradecemento público a Ermitas, que tantas veces nos acolheu, e aos que xa non están aquí, que tanta falta nos fan e que o foron tan importantes para todos nós e que tanto botaso en falta, grazas a Raquel e a Esteban, por eles temos que facelo ben.

Todos nós estivemos ben representados ao longo destes 16 anos polo labor dos concelleiros do BNG, do noso compañeiro e portavoz Felipe Ferreira, de Angel Pérez, de Francisco Senra e de Xurxo Brañas a quen vou votar de menos, o seu traballo e dedicación son un exemplo para os que seguimos e para os que empezan.

O meu agradecemento tamén aos compañeiros de Corporación doutras formacións políticas, cos que convivín estes anos, nomeadamente a Manolo de Pena, persoa xenerosa con quen compartimos a preocupación e o querer por Moeche.

Aos que desde a discrepancia política nunca caeron no insulto e foron respectuosos, como o ex alcalde Julio López, e outros compañeiros de Corporación do PP ou de Propomo

Aos que caeron no insulto, non hai nada que lles agradecer.

Sen embargo, quero darlle as grazas ao compañeiro de Corporación, Xulio Cribeiro, polos consellos que ao longo deste ano me regalou, especialmente o consello que me deu no Pleno do pasado 15 de maio, cando me dixo Sra. Bascoy “debería dimitir se non alcanza a Alcaldía”,



Beaun Lago



C O N C E L L O
DE
M O E C H E
(A CORUÑA)

Núm.

Alcanzámola, en plural, nós somos un equipo, e o consello quedou sen aplicar, como hai catro anos, queda enriba da mesa para quen o queira usar.

Non podo deixar de agradecer o tempo compartido e leal amizade das compañeiras e compañeiros da ANPA e da A.VV Labacengos, son parte importante deste éxito.

Para rematar, só me queda agradecer inmensamente en nome dos cinco o apoio e o cariño das nosas familias, das nosas parellas e fillos, eles son o cerne das nosas vidas, saben que sen o seu empuxe nin sequera teriamos comezado este camiño.

Sabedes que todos xuntos alimentamos a ilusión de que chegase este día e todos xuntos a fixemos realidade, pois así habemos de construír o presente e o futuro do noso concello, unidos. Traballaremos por un futuro distinto e mellor que no deberá xurdir só deste grupo de goberno, senón de todos os compañeiros e compañeiras e do conxunto da veciñanza.

Que a esperanza medre nos vosos corazóns por e para Moeche, Depende de nós. Grazas e Adiante Moeche

Por último, de orde da Sra. Presidenta da Corporación, pola infraescrita Secretaria dáse lectura os artigos 24 e 38 do Regulamento de Organización Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais quedando enterados do seu contido tódolos asistentes, co que se deu por terminado o acto, dispoñendo o cumprimento do requisitos legais establecidos, levantándose a sesión sendo as dez horas e trinta minutos e estendéndose a presente acta que asina a Sra. Alcaldesa / Presidenta, comigo a Secretaria, de todo o que, certifico.

A ALCALDESA,

A SECRETARIA

Asdo. Beatriz Baseoy Maceiras



